



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte

CIRCULAR 64-2010

- A todas as Delegacións (*)
- Aos clubs, adestradores e atletas.

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

CAMPIONATO GALEGO DE 10 KM. RUTA

10 de Outubro, Circuito Carreira Coruña 10. A Coruña

Art. 1) O vindeiro domingo día 10 de outubro celebrarase no circuito urbano de 10 km da carreira Coruña 10, homologado pola RFEA, a terceira edición do **Campionato Galego Absoluto de 10 km. en ruta** e das categorías **junior, promesa, senior e veterán**, masculinas e femininas. O evento está organizado pola Federación Galega de Atletismo en colaboración co Concello de A Coruña.

Art.2) Poderán intervir todos aqueles atletas das citadas categorías, que se atopen en calqueira das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2009/10) por algún Club pertencente á Galicia.
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertezan a Clubes doutras Comunidades Autónomas.
3. Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

Según acordo de Asemblea para optar a medalla os atletas estranxeiros deben cumprir as seguintes condicións:

- a. Ter ficha por un club galego a lo menos nas tres últimas tempadas (incluída a actual).
- b. Estar censados nalgún concello de Galicia.
- c. Ter licencia pola FGA.

Art.3) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da FGA www.atletismogalego.org con data límite o martes día **5 de outubro**, ata as 20,00 horas

Art.4) Os atletas, deberán confirmala súa participación ata 45 minutos antes do comezo da proba. Una vez rematado este prazo, non se admitirá a participación do atleta.

Art.5) Os tres primeiros atletas clasificados nas categorías veterán, junior e promesa así como os tres primeiros clasificados da proba absoluta, tanto en homes coma mulleres recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de premiacións. Caso contrario, non se fará entrega da medalla.

Art.6) Os atletas deberán utilizalo dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible.

Art.7) A saída terá lugar nas inmediacións do Obelisco ás 11:00 horas, conxuntamente ca Carreira Coruña 10.

Art.8) O circuito discurrirá polas seguintes rúas:

Saída: Cantóns (Zona Obelisco)

**PATROCINADORES
OFICIAIS**



PROVEEDOR





Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA




XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte

Percorrido: Cantón Grande. Avenida da Mariña. Avenida de Montoto. Porta Real. Paseo da Dársena. Paseo do Parrote. Paseo Xeneral Sir John Moore dirección Castelo de San Antón. Paseo de Ánimas. Paseo Marítimo (Orillamar, Pelamios, Club do Mar, Cidade deportiva da torre, Casa dos Peixes, Casa do home). Matadoiro (Hotel Melia María Pita). Avda. Pedro Barrié da Maza. Buenos Aires(ida). Praza de Portugal (ida). Paseo de Ronda/Pazo de Deportes (ida). Rotonda das Escravas (ida). Manuel Murgía (ida). Casa do Auga (xiro). Manuel Murgía (volta). Paseo de Ronda/Pazo de Deportes (volta).. Praza de Portugal (volta). Buenos Aires (vola). Avda. Rubine. Praza de Pontevedra (carril bus). San Andrés. Santa Catalina. Cantón Grande (ida). Avenida da mariña (ida). Avenida de Montoto (ida). Rotonda de Porta Real. Avenida de Montoto (volta). Avenida da mariña (volta). Cantón Grande (volta).
Meta: Cantóns (Zona Obelisco)



Art.9) Todo o non disposto neste regulamento resolverase pola normativa da Federación Galega de Atletismo, o no seu caso, pola propia da Real Federación Española de Atletismo.

A Coruña, 9 de setembro do 2010
Victor Arufe Giraldez
Secretario Xeral FGA

**PATROCINADORES
OFICIAIS**



PROVEEDOR

